

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Doso - Narón

COMARCA: Ferrolterra

DATA: 19/04/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro socio cultural de Doso

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 18

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 7

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: tod@s

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Lidia Romero

Representante Consello Nacional: Olaia Ledo

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 15

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1h e 40´

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):

En círculo pechando cunha mesa coa representante local e nacional para tomar notas. Proxectouse o vídeo explicativo do Proceso Adiante.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN:

A xuntanza foi positiva no tono e nas formas, houbo moitas propostas para mellorar o futuro do nacionalismo e da organización. Importante a participación das persoas non militantes no transcurso do Encontro (seis das sete persoas interviron e foron guiando o debate). Continuouse o encontro despois na cafetería do Local mantendo un tono distendido e quedando en voltar noutras ocasións á parroquia de Doso e do Pedroso.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS

CON CARÁCTER XERAL

Debatir absolutamente de todo o que teña relación co nacionalismo galego e maneiras de mellora. Simpatizantes reforzan a idea de que hai que traballar onde se poida debater, falar coa xente e acercar argumentarios que poidan explicar ás persoas cercanas a eles.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Situación crítica. Valóranse cinco puntos: o paro, a demografía, abandono do rural e falta de sectores produtivos, falta de industria e valorización de dependencia por unha parte da sociedade galega.

Hai un debate fondo sobre o catastro e a ordenación do territorio. Ningún país rico no mundo é dependente dos seus sectores produtivos porque iso leva á dependencia do exterior e a ser unha colonia (ponse o ex. de Portugal como país que exporta o 80 % dos seus produtos de primeira necesidade)

Boa parte das persoas que conforman o Encontro consideran que hoxe non hai debate na rúa sobre a situación de Galiza diferenciada do estado porque hai máis preocupación polo que se debate na "sexta" que pola situación galega. Conclúese que é necesario introducir debate nacionalista, sen medo e cun bo argumentario temos todo por gañar.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Considérase que é preciso pasar do "sentimental" (simpatizantes apuntan que no país hai moitos nacionalistas sen sabelo) á praxe. A revolución non se fai no twitter se non na rúa. Moitas veces é mellor unha boa conversa para levantar consciencias que un mitin.

A modo xeral considérase ben a autocrítica máis sen destruír. É necesario ir ao concreto. Exemplos como a tarifa eléctrica galega e outros axudan a entender que temos que decidir por nós mesmos.

Considérase que o Proceso Adiante é positivo é un bo lugar para falar sen cancelas das estratexias. Agradécese o esforzo que está a facer o BNG.

Hai que facer algo máis que slogans e é necesario explicar, estar coa xente, potenciar o argumentario a persoas que son nacionalistas mais sintense "coxas" ao non ter liñas forza para o debate no seu día a día. Traballar para estar máis coas "bases"

O BNG ten demostrado capacidade para transformar a sociedade pero sóbranos "lealdade" con outras forzas que non o son con nós.

Remata o encontro cunha intervención de Óscar, non militante da organización: "Como chegar á xente? Non hai grupo propio no parlamento do estado e iso é perxudicial pero alguén o escoitou nun bar? Cada parada no camiño é importante, fagamos que as ideas propias sexan máis importantes"

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Considérase que o BNG tense dotado das ferramentas para traballar, modelo válido para a maioría. Hai unha persoa simpatizante que apunta a dirixirnos cara o modelo clásico de partido considerando tamén que é necesario que as persoas que se sintan nacionalistas entendan que só podemos organizarnos nunha organización nacionalista.